

BASES DO CONCURSO DE DESEÑO DO CARTEL DAS FESTAS DE SAN RAMÓN E SANTA MARÍA 2022

Contido Bases Legais Concurso.

1. Obxecto e finalidade

O Concello de Vilalba, a través da súa Concellería de Cultura convoca o **Concurso de Deseño do Cartel das Festas de San Ramón e Santa María 2022** co obxecto de escoller o deseño que integrará o cartel oficial das Festas de San Ramón e Santa María 2022.

2. Persoas ás que se dirixe

Poderán participar no concurso todas as persoas que o desexen, sen límite de idade.

3. Inscripción

Poderán inscribirse desde o día **da publicación das bases ata o 30 de xuño de 2022**, a través da sede electrónica do concello <https://vilalba.sedelectronica.es/> ou ben presencialmente por rexistro, en horario de 9:00h a 14:00h, cubrindo a folla de inscrición (anexo I), que estará dispoñible na web do concello <https://www.vilalba.gal/> e na oficina de cultura, e aportando a obra orixinal.

4. Mecánica de participación

- _ As obras presentadas deberán ser de creación propia, orixinais e inéditas.
- _ A temática aludirá, na forma que o autor ou a autora determine, ás festas patronais de Vilalba.
- _ Só se admitirá unha participación por persoa.
- _ Os deseños deberán incluír o texto "Festas de San Ramón e Santa María 2022. Concello de Vilalba", plasmado e distribuído do xeito que escolla a autoría.

5. Formato de presentación

Poderase utilizar calquera técnica artística, sempre que permita a súa reprodución e dixitalización, sendo o formato de presentación DIN -A4 ou DIN -A3.

Será necesario presentar dous documentos:

1. A obra orixinal (presencialmente na oficina de Cultura ou por correo postal)
2. ANEXO I cos datos cubertos (por rexistro, físico ou telemático)

Presentarase a **obra orixinal** nun sobre pechado e non dobrado, no que figure no exterior do sobre o concepto "CONCURSO DE DESEÑO DO CARTEL DAS FESTAS DE SAN RAMÓN E SANTA MARÍA 2022" e un PSEUDÓNIMO IDENTIFICADOR DO AUTOR OU AUTORA, presentarase a obra orixinal.

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O 4 DE ABRIL DE 2022

Fdo. La Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez



Concello de Vilalba

Os traballos orixinais presentaranse de xeito presencial na oficina de Cultura (segundo andar) ou a través de correo postal á seguinte dirección:

Concello de Vilalba (CULTURA)
Praza da Constitución S/N
C.P 27800 Vilalba – Lugo

Ademais deste sobre físico que se terá que entregar presencialmente na oficina de Cultura ou mediante correo postal, deberase cubrir o **ANEXO I** e presentalo por **rexistro**, ben no Concello ou a través da sede electrónica.

6. Valoración

Establécense os seguintes criterios de valoración:

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
CALIDADE TÉCNICA	15
CALIDADE ARTÍSTICA	15
PERTINENCIA CO TEMA E RELACIÓN CON VILALBA E AS SÚAS FESTAS PATRONAIS	20
CREATIVIDADE	20
ORIXINALIDADE	20
TRATAMENTO DAS CORES E TIPO DE LETRA	10

Os deseños que non resulten premiados poderán recollerse na oficina de cultura ata o día **30 de xullo de 2022**, no seu defecto serán destruídos.

Excluíranse as obras que:

1. Non cumpran cos requisitos esixidos.
2. Leven algunha identificación da autoría na obra orixinal
3. Non acompañen o sobre da documentación.
4. Cheguen fóra de prazo nos termos que establece a base punto número tres destas bases.

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O 4 DE ABRIL DE 2022

Fdo. La Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Concello de Vilalba

7. Premios.

O traballo que resulte gañador será premiado con 1.000€ e será a imaxe do cartel das Festas de San Ramón e Santa María 2022.

O financiamento do premio farase con cargo á aplicación orzamentaria 338.48913.

8. Xurado.

O xurado estará composto por persoas vencelladas á cultura da localidade, presidido pola concelleira de Cultura ou persoa que a substitúa, e actuando de secretaria o/a técnica/o de cultura, ou persoa que a substitúa.

Tanto a composición dos membros do xurado como a resolución dos premios, faranse públicos na páxina web <https://www.vilalba.gal/> e na Sede Electrónica do concello.

O xurado dará a coñecer o/a premiado/a, na páxina web <https://www.vilalba.gal/> na Sede Electrónica do concello e a través dos distintos medios de comunicación.

9. Aceptación das bases do concurso.

A participación neste Concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como as decisións do Xurado, podendo quedar excluído todo aquel participante que incumpra as mesmas.

10. Protección de datos de carácter persoal e renuncia aos dereitos de autor.

A participación neste concurso supón a aceptación completa das bases do mesmo; os supostos que se poidan producir e non estean contempladas polos organizadores nas bases do concurso, quedarán á libre interpretación dos devanditos organizadores.

O Concello de Vilalba adquirirá a propiedade de todos os traballos presentados e terá dereito ao uso dos mesmos como material de difusión, facendo sempre mención ao autor da obra por medio do seu nome e apelidos. A aceptación destas bases conleva a autorización para a utilización gratuíta do debuxo nos medios de comunicación habituais. Os datos facilitados serán utilizados co só propósito de contactar cos gañadores e entregarlles os premios obtidos, e os seus datos serán tratados de conformidade co recollido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a restante normativa aplicable na materia.

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O 4 DE ABRIL DE 2022

Fdo. La Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

